

*Hoxe ábrese o prazo para optar a este programa, que está dirixido a alumnos das titulacións de Psicopedagogía e Mestre de Educación Infantil e Primaria*

## **A UNIVERSIDADE DA CORUÑA CONVOCA UNHA BOLSA DE MONITOR PARA A CIBER@ULA DO JUAN CANALEJO FINANCIADA POLA FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE**

**A Coruña, 5 de xuño de 2007.-** A presidenta da Fundación María José Jove, Felipa Jove; o reitor da Universidade da Coruña, José María Barja; e José García Buitrón; presidente da Fundación Juan Canalejo; renovaron o convenio para a convocatoria dunha bolsa de formación que permitirá a Ciber@ula do Complejo Hospitalario Juan Canalejo dispoñer durante as tardes dun monitor especializado, que se encargará de coordinar as actividades deste espazo pensado para facilitar a estancia no hospital dos nenos ingresados e os seus familiares. Este programa supón unha continuación e actualización do asinado o pasado ano polas tres institucións, que tivo unha importante acollida entre os alumnos da UDC.

Esta bolsa de formación, que está dirixida a alumnos das titulacións de Psicopedagogía e Mestre especializado en Educación Infantil e en Educación Primaria, terá unha duración inicial de seis meses e durante ela o alumno realizará as súas prácticas en xornada de 15 a 20 horas cunha remuneración mensual de 450 euros. Transcorrido este período, o titor avaliará a progresión do estudante e decidirá se lle concede unha prórroga por outros seis meses, mantendo a mesma xornada, pero cunha remuneración de 600 euros. As becas serán financiadas pola Fundación María José Jove. As instancias para optar a esta bolsa poderanse presentar desde o 5 ata o 15 de xuño no Rexistro xeral da Universidade do Reitoría da Maestranza da Coruña e nos rexistros auxiliares dos campus universitarios de Elviña e de Esteiro (Ferrol).

### **Obxecto do convenio**

A finalidade deste convenio, co que se promove a formación integral dos estudantes, é facilitar a estancia dos nenos ingresados no hospital, así como dos seus familiares. Para iso, a Ciber@ula dispón dunha área informática, dunha zona destinada á lectura e aos audiovisuais dotada de libros, prensa, vídeos e DVD's, así como un espazo infantil, deseñado con mobiliario e materiais específicos para os máis pequenos con xogos, contos, etc. En definitiva, trátase de crear, a través de distintos elementos, un ambiente alegre e luminoso que axude a sobrelevar a estancia no hospital.

**Nota.-** *María José Jove, de cuxo falecemento cumpríronse cinco anos, estivo sempre vinculada ao compromiso social orientado aos colectivos menos favorecidos, constituíndo a infancia unha das súas grandes preocupacións. Por este motivo, a súa familia quixo impulsar este proxecto e levar á práctica a extraordinaria sensibilidade de María José Jove, creando unha Fundación que leve o seu nome, baixo a presidencia de Felipa Jove Santos.*